

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 27-05-2022
ata a día 27-06-2022
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.
(uq)

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MAIO DE 2022, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA (1) PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A TOPÓGRAFO. ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS MEDIOS, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 20 de maio de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Topógrafo/a da Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, Grupo A, Subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 101, de 6 de maio de 2021 (DOG 104, de 04.06.2021 e BOE 126, de 27.05.2021); Vista a proposta do Tribunal Cualificador; Visto que a aspirante presentou, dentro do prazo, a documentación a que se refire o punto 10.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e base específica 5.1, esta Presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e para cumprimento do punto 11.1 das Bases Xerais, propón á Xunta de Goberno que resolva definitivamente o procedemento selectivo acordando:

1.- Nomear a Dona Concepción Fernández Rodríguez, para ocupar a praza 776, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Topógrafo/a, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, Grupo A, Subgrupo A2 do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2017 e o posto de traballo homónimo número 1141 (Nivel Entrada) ao obter a maior cualificación final.

(...)

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 25 de maio de 2022.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1352
